

## Galega, para i-escoita!!

Maria Luz Morales a tua irmá na Patria dirixechе dende “El Sol” de Madri, onde colabora asiduamente, istas verbas que non debes esquecer:

¿Por qué muller culta de Galicia, abandoaches a tua lingua, tan feita para ti e por ti, tan expresiva nos teus labres, tan doce no teu sentir? ¿Que absurda idea d’unha “finura” falsa, d’un aristocratismo postizo i-arbitrario te leva a desterrala da intimidade do teu fogar, onde sería caricia para o esposo, mimo e canción de berce para o fillo? ¿Como non ves que, vindo da terra, leva en sí a mais rancia, a única nobleza, e por ser tua é —para tí, en tí— a mellor, mais graciosa e mais viva? ¿Acaso non sabes que cada lingua que adprendemos é como un novo corazón qu’adequirimos, e que posêr duas línguas propias, nosas é o mesmo que é ter duas almas?